



Concello de Gondomar

Condições para a participación nas aulas de teatro (curso académico 2025-2026)

Unha proposta diferente:

O Teatro é un feito cultural, lúdico e artístico, un elemento de dinamización que crea espazos moi interesantes para a cidadanía. Pasa por ser valorado ou recoñecido como un medio para contar historias, para dar renda solta a emocións, para o desenvolvemento da creatividade, facer voar a imaxinación, explorar e coñecer as nosas facultades e a nos mesmos, e tamén, como un espectáculo. Todo isto e moito máis é o que podemos atopar no teatro.

A través do teatro, desenvólvense competencias comunicativas, sociais, expresivas, creativas e habilidades para a resolución de conflitos, todo elo, mediante a adquisición de coñecementos, técnicas, recursos e actividades, na que as persoas amplían o seu capital intelectual e cultural favorecendo así o seu desenvolvemento individual.

O teatro non pode ser un obxecto de aprendizaxe individual, senón que, sempre supón a implicación de cada unha das persoas que participan na actividade. O teatro non existe sen un traballo en grupo, cada membro depende do traballo dos demais.

Esta característica tan particular fai que as Aulas de Teatro do Concello de Gondomar sexan un proxecto de vital interese que traballa aspectos como a cohesión de grupo, a autoestima, o recoñecemento da identidade social, o desenvolvemento integral das persoas, a participación colectiva, a compresión da creatividade, etc. ou a promoción dun público cultural formado e informado que dende o concello tentamos potenciar e reforzar na veciñanza.

As aulas no curso 2025-2026:

Destinatarios: Toda a cidadanía a partires dos doce anos (coa autorización de pai/nai ou titor/a no caso de minoría de idade) é convocada a participar desta formación.

Ordenación: En función da idade, os solicitantes agruparanse en dúas aulas de aproximadamente 15 persoas.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

Taxas: A actividade é totalmente de balde

Lugar: espazo escénico do Auditorio Lois Tobío

Data: a formación será impartida os martes

Horario: adultos de 16:30 a 18:30

mocidade de 18:30 a 20:30

Sobre a formación: As aulas de teatro son unha acción formativa que pretende fomenta-la creatividade e o desenvolvemento persoal da cidadanía ao través da aprendizaxe das técnicas da expresión escénica.

A filosofía destas aulas ten a súa base na liberdade de cátedra da profesora, pois un dos obxectivos é formar nesta disciplina artística as persoas, e ao seu través mellora-lo colectivo social da veciñanza.

Nestas aulas non se conforma unha compañía de teatro, pero a aprendizaxe acadada ten o seu espazo para a exhibición do aprendido en forma de representación teatral en distintos momentos ao longo do curso

A titulación obtida ao remate do curso, non está homologada.

Sobre a docente: Lola Correa, está licenciada en Dramaturxia e Dirección de escena pola RESAD, a súa ampla formación en teatro comezou no ano 1995 coa compañía viguesa C.D.C. coa que participou nun gran número de montaxes cos que actuou en Galicia, Madrid e Barcelona.

Requisitos:

- Ter interese polo teatro, a escena e a aprendizaxe das técnicas escénicas
- Non é necesario ter experiencia previa
- É imprescindible cumprimenta-la documentación requirida en función do grupo de idade, e rexistrala na sede electrónica do Concello de Gondomar <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/info.0> ou entrega-la solicitude presencialmente no rexistro xeral do Concello de Gondomar
- Terán prioridade na inscrición as persoas empadroadas en Gondomar

Dende 2012 nas Aulas de Teatro do Concello de Gondomar estanse formando persoas, sendo un referente da cultura presentada dende outro enfoque.

O Concello de Gondomar fai neste sentido una aposta teatral única que cada ano chama máis á atención de propios e foráneos.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875